

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
15026111	Escola de Domirón	Narón	2024/2025	Plan pechado-seguemento

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	19/12/24
Data aprobación consello	08/10/24
Data aprobación claustro	08/10/24

2. Introducción

A escola de Domirón conta con 3 aulas de educación infantil. Atópase moi preto dunha zona urbana, na parroquia do Alto do Castiñeiro, no concello de Narón, e está rodeada de servizos como supermercados, tendas, o concello, parques e prazas, o que facilita o acceso e favorece a vida comunitaria.

A escola acolle a 45 alumnos e alumnas de educación infantil, proporcionando un ambiente de aprendizaxe dinámico e accesible. O centro está situado nun edificio de planta baixa, con 3 aulas comunicadas por paneis divisores que se poden abrir para facilitar o traballo en grupo. Tamén dispón dunha aula de usos múltiples, onde se realizan as clases das especialidades, así como unha aula de PT/AL e unha biblioteca. A escola conta tamén con dous patios exteriores, un deles cuberto, que permiten ao alumnado desfrutar de actividades ao aire libre.

A súa localización favorece a combinación do traballo nunha zona urbana, con todos os servizos ao alcance, e o contacto coa natureza, permitindo ao alumnado experimentar conectando coa contorna.

A escola conta cun portátil Edixgal, dúas tablets de robótica e unha tablet de polos creativos, ademais de 3 ordenadores de sobremesa, un en cada aula, e un panel dixital interactivo en cada unha delas, o que permite dinamizar as clases e incorporar tecnoloxía ao proceso de ensino-aprendizaxe. Tamén dispón de dous ordenadores de sobremesa na sala de profesores, que facilitan o traballo administrativo e de preparación das sesións.

Ademais, a biblioteca do centro conta cun ordenador compartido co resto das escolas do CRA. Cada mestre especialista ten á súa disposición un ordenador portátil, e o equipo de orientación tamén conta cun portátil Edixgal e dúas tablets, garantindo así o acceso ás novas tecnoloxías en todas as áreas do centro e favorecendo o acceso á tecnoloxía en todas as zonas da escola.

Na escola de Domirón, as novas tecnoloxías son unha ferramenta fundamental que utilizamos tanto no día a día das clases como no noso traballo como docentes. As tecnoloxías serven como apoio e soporte ao traballar os contidos curriculares, empregando xogos interactivos, cancións, vídeos ou a utilización dos paneles interactivos, permitindo que o alumnado interactúe e se involucre activamente no proceso de aprendizaxe. Tamén as utilizamos para buscar informació e fomentar a creatividade.

Como docentes, empregamos as novas tecnoloxías para preparar as sesións, crear novos materiais didácticos, buscar recursos e compartilos cos compañeiros, facilitando así a colaboración e o traballo en equipo entre o profesorado. As tecnoloxías tamén son un medio de comunicación moi importante, tanto entre os mestres como coa comunidade educativa, en particular coas familias.

Este curso, a escola está a participar en proxectos como Mat-lab, Sosti-lab, PIE Benestar e PIE Convivencia, nos que as tecnoloxías axudan a enriquecer as actividades e a facilitar o traballo colaborativo. Ademais, os préstamos de libros da biblioteca tamén se xestionan a través dunha plataforma online, permitindo un acceso máis cómodo e áxil ao material bibliográfico dispoñible no centro.

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

A partir do Informe SELFIE e o test de CDD o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	Escaso uso de entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. Escasa formación do uso adecuado das redes e de internet.	Alumnado	Si
Debilidade	Falta de infraestruturas que respalden a ensinanza dixital. O centro conta con dispositivos obsoletos.	Infraestruturas	Non
Debilidade	O centro non conta cunha estratexia dixital. Falta de tempo para explorar e mellorar a ensinanza dixital. Falta de oportunidades para debater sobre as vantaxes e desvantaxes da ensinanza dixital polo que non podemos avaliar os nosos progresos.	Organización de centro	Non
Debilidade	Non empregamos as tecnoloxías dixitais para a práctica da avaliación. Escaso fomento na participación de proxectos interdisciplinares con tecnoloxías dixitais.	Persoal docente	Si
Fortaleza	Realización de actividades de aprendizaxe dixital que implican ao alumnado e adaptadas ás súas necesidades.	Alumnado	Si
Fortaleza	O centro conta con dispositivos dixitais. As aulas dispoñen de dispositivos dixitais.	Infraestruturas	Non
Fortaleza	O equipo directivo apoia novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais. O equipo docente está aberto a aprender en relación coas novas tecnoloxías dixitais.	Persoal docente	Si

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	Falta de tempo para explorar e mellorar a ensinanza dixital.	Administración educativa	Si
Ameaza	A competencia dixital das familias é baixa.	ANPA	Non
Ameaza	Problemas de conexión. Algún alumnado non ten conexión nin dispositivos que lles permitan a ensinanza dixital no ámbito doméstico. Moito alumnado non ten formación básica para acceder aos entornos dixitais no ámbito doméstico.	Contorna	Non
Ameaza	Poucas oportunidades de colaboración con outras organizacións para empregar tecnoloxías.	Outras	Non
Oportunidade	Participación en actividades formativas organizadas pola Administración Educativa para a actualización das competencias dixitais.	Administración educativa	Si
Oportunidade	O equipo directivo coñece a normativa relativa a adquisición de equipamento informático.	Lexislación	Non

3.4. Análise

Unha vez analizado o DAFO, elaboramos o plan de acción seguindo as conclusións obtidas. A través das nosas fortalezas e oportunidades intentaremos sobrepoñernos a nosas debilidades e ameazas marcando uns obxectivos, realizándoos a través dunhas accións e avaliándoos a través duns indicadores.

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
OB1	Empregar as tecnoloxías dixitais para a práctica da avaliación.
OB2	Adaptación e implementación na aula de recursos TIC para alumnado NEAE.
OB3	Detectar e cubrir as necesidades de formación do profesorado do centro.

4.2. Datos do obxectivo OB1

Código	Estado
OB1	Acadado

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Alumnado - Escaso uso de entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. Escasa formación do uso adecuado das redes e de internet.

Debilidade - Persoal docente - Non empregamos as tecnoloxías dixitais para a práctica da avaliación.

Escaso fomento na participación de proxectos interdisciplinares con tecnoloxías dixitais.

Ameaza - Administración educativa - Falta de tempo para explorar e mellorar a ensinanza dixital.

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
% de profesorado que emprega as tecnoloxías dixitais para a práctica da avaliación.	10	80	90			50

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Publicar na aula virtual un banco de recursos tecnolóxicos e dixitais, adaptados ao currículo, que se poidan empregar na práctica da avaliación.	30/06/2025	
Responsables	Coordinador/a do Plan dixital	
Destinatario	Profesorado	

Revisión	Data	Arquivo
Engadíronse novos recursos e ferramentas ao documento previamente publicado.	03/06/2024	
Publicouse na aula virtual un banco de recursos tecnolóxicos e dixitais que se poidan empregar na práctica da avaliación.	18/01/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
Empregar algún dos recursos dixitais previamente coñecidos na labor diaria da aula.	30/06/2025	
Responsables	Profesorado	
Destinatario	Profesorado	

Revisión	Data	Arquivo
Empregáronse algúns dos recursos dixitais previamente coñecidos nas sesións dalgunhas materias e por parte de parte dalgúns docentes.	21/03/2024	
Empregáronse máis recursos dixitais dos recollidos no banco de recursos da aula virtual e chegouse á conclusión de que a maioría deles están máis orientados a educación primaria que a educación infantil.	19/12/2024	
Empregáronse recursos dixitais orientados a avaliación na aula e iniciouse ao alumnado de educación primaria na súa utilización principalmente a través de ferramentas de auto e coavaliación.	03/06/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
Investigar sobre diferentes recursos dixitais que poden ser utilizados na práctica da avaliación.	30/06/2025	
Responsables	Equipo e coordinador/a TIC	
Destinatario	Profesorado	

Revisión	Data	Arquivo
Iniciámonos na investigación sobre diferentes recursos dixitais que poden ser utilizados na práctica da avaliación.	15/01/2024	
Interesámonos por novos recursos dixitais e iniciámonos na súa posta en práctica nas aulas de educación primaria.	03/06/2024	

4.3. Datos do obxectivo OB2

Código	Estado
OB2	Pendente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Alumnado - Escaso uso de entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. Escasa formación do uso adecuado das redes e de internet.

Fortaleza - Alumnado - Realización de actividades de aprendizaxe dixital que implican ao alumnado e adaptadas ás súas necesidades.

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de recursos adaptados para o alumnado NEAE.	0	5				

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Detección das necesidades (equipamento ou pedagóxico) do alumnado NEAE.	30/06/2025	
Responsables	Departamento de orientación e titorías	
Destinatario	Alumnado	

Revisión	Data	Arquivo
Detectáronse algunhas necesidades de equipamento para traballar cō alumnado NEAE. Por exemplo, unha parede interactiva que podería facilitar ir engadindo diferentes temas de cada materia dun xeito máis visual e engadindo sons.	19/12/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
Solicitud de equipamento necesario ou adaptación do existente.	30/06/2025	
Responsables	Departamento de orientación e titorías	
Destinatario	Alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
Adaptación e implementación de uso de materiais TIC.	30/06/2025	
Responsables	Departamento de orientación e titorías	
Destinatario	Alumnado	

Revisión	Data	Arquivo
Adaptación de xogos interactivos na rede para traballar con alumnado NEAE	19/12/2024	
Proposta e traballo mediante comunicador con varios alumnos e alumnas NEAE do centro.	19/12/2024	
Traballo con apoio de vídeo e cancións con alumnado NEAE	19/12/2024	

4.4. Datos do obxectivo OB3

Código	Estado
OB3	Pendente

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Oportunidade - Administración educativa - Participación en actividades formativas organizadas pola Administración Educativa para a actualización das competencias dixitais.

Fortaleza - Persoal docente - O equipo directivo apoia novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais. O equipo docente está aberto a aprender en relación coas novas tecnoloxías dixitais.

Ameaza - Administración educativa - Falta de tempo para explorar e mellorar a ensinanza dixital.

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
% de profesorado que emprega activamente as tecnoloxías tanto na aula como para manter a comunicación co resto da comunidade educativa.	20	70				

4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Detectar as necesidades formativas do profesora en materia dixital.	30/06/2025	
Responsables	Equipo e coordiandor/a TIC	
Destinatario	Profesorado	

Revisión	Data	Arquivo
Detectáronse necesidades formativas do profesorado en relación coa aula virtual do centro.	19/12/2024	
Detectáronse necesidades formativas do profesorado en relación coa páxina web do centro.	19/12/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
Formar e actualizar dixitalmente ao profesorado.	30/06/2025	
Responsables	Equipo e coordinar/a TIC	
Destinatario	Profesorado	

Revisión	Data	Arquivo
Realizouse unha formación sobre a utilización e xestión da páxina web do centro por parte de todo o claustro.	19/12/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
Crear un espazo dixital para favorecer a autoaprendizaxe do profesorado a través da Aula Virtual do centro.	30/06/2025	
Responsables	Equipo e coordinar/a TIC	
Destinatario	Profesorado	

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

O seguimento será continuo a través da observación directa, das valoracións en reunións e das autoevaluacións docente que se realizarán ao longo do curso. Realizarase tamén un seguimento xunto ó mentor ADIX correspondente a través de reunións e contacto a través da aula virtual e o correo electrónico.

5.2. Primeiro trimestre

Neste primeiro trimestre, elaborouse o Plan Dixital do Centro, que foi aprobado en claustro e Consello escolar, e subliñouse a importancia de que todo o equipo docente participe de forma activa para acadar os obxectivos establecidos no plan ao longo do curso.

En relación co primeiro obxectivo proposto, "Empregar as tecnoloxías dixitais para a práctica da avaliación", continuamos a poñer en práctica algúns dos recursos incluídos, xa o curso pasado, no banco de recursos para a avaliación dispoñible na aula virtual. Observamos que, aínda que este enfoque resulta útil en moitos niveis educativos, chegamos á conclusión de

que en Educación Infantil é moito máis complicado empregar estas técnicas, especialmente cando se trata de coavaliación e autoavaliación. Este obxectivo queda acadado neste trimestre.

Respecto ao segundo obxectivo, "Adaptación e implementación na aula de recursos TIC para alumnado NEAE", realizouse unha detección de necesidades do alumnado en relación coas TIC, tanto no ámbito do equipamento como no pedagóxico. Ademais, con varios alumnos con NEAE estase a implementar o traballo con comunicadores a través de tablets, o que está a mellorar a súa comunicación e participación nas actividades da aula. Tamén se traballa con eles mediante xogos interactivos, vídeos e cancións.

Por último, en canto ao terceiro obxectivo, "Detectar e cubrir as necesidades de formación do profesorado do centro", o primeiro paso foi identificar as necesidades formativas do claustro en materia dixital. Decidiuse enfocar estas formacións na páxina web do centro e no uso e xestión da aula virtual. Realizouse unha primeira sesión de formación de 2 horas sobre a utilización da páxina web do centro, na que participou todo o profesorado. Este comprometeuse a poñer en práctica o aprendido mediante a subida de diferentes tipos de contido á dita web.

5.3. Segundo trimestre

5.4. Terceiro trimestre

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

O seguimento do desenvolvemento do plan e a consecución de obxectivos realizarase de forma continua, como mínimo unha vez ao trimestre. Avaliarase os estados das execucións das accións, valoración dos resultados obtidos, posibles modificacións das accións e propostas de mellora.

Ao final de curso realizaremos unha avaliación final na que valoraremos o grao de consecución dos obxectivos propostos, adecuación das accións e os obxectivos, os tempos empregados, a eficacia das reunións e adecuación dos recursos empregados.

O Equipo de dinamización do Plan dixital elaborará un documento para incluír na memoria final do centro, este documento tamén recollerá as propostas de mellora para o seguinte curso. Poderán terse en conta para a avaliación do Plan Dixital os datos obtidos de futuras aplicacións de SELFIE e o test de competencia dixital docente.

6.2. Valoración xeral

6.3. Propostas de mellora

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

O plan dixital publicarase en aberto na páxina web do centro a disposición de toda a comunidade educativa. Todos aqueles avances, obxectivos acadados, ou modificación no plan, serán comunicados ao claustro e ao Consello Escolar mediante comunicacións escritas ou a través de reunións.

8. Outros datos

9. Anexos